

RUTA De SAN MARTIÑO E DA PEDRA E DA AUGA-

(Ruta dos ríos San Martiño e Armenteira)

A ruta discorre polos Concellos de Meis e Ribadumia, dentro da bisbarra do Salnés. Ten un percorrido aproximado de 17 kms. que discorre por sendeiros entre bosques e marxes de ríos acadando unha cota máxima de 407 mts.

A nosa excursión iníciase na rotonda de Barrantes. Na súa primeira parte discorre pola Ruta do Río San Martiño ata chegar ao Mosteiro de Armenteira onde un guía nos informará de toda a súa historia. Despois de repoñer forzas no restaurante A Fonte en Armenteira, iniciamos a segunda parte da actividade que nos levará, a través da Ruta da Pedra e da Auga, por un vello camiño que tradicionalmente se percorría os luns de Pascua, onde existen diversos puntos de interese. Rematamos o día pasando pola Aldea Labrega.

A vexetación é, sen dúbida, un dos principais atractivos deste percorrido, con numerosas especies que poboan as beiras dos ríos e se nutren das súas augas. Ameneiros, salgueiros ou carballos son só algunhas das árbores que medran na zona e que temos a oportunidade de coñecer.

"A Ruta do Río San Martiño". Partindo dunha altitude de 25 mts. a ruta discorre polo curso do río San Martiño atravesando as parroquias de San Salvador de Meis e San Martiño de Meis e gañando progresivamente altura entre a súa canle e os bosques autóctonos da bisbarra ata acadar a altura de 407 mts, divisando unha panorámica das Rías Baixas (contorno da Lanzada e O Grove); a partir deste punto comeza o descenso que nos levará ao Mosteiro de Armenteira.

"Mosteiro de Armenteira". Arquitectura cisterciense galega do século XII., situado nas abas do Monte Castrove. A fundación atribúeselle a D. Ero de Armenteira (1149); conta a lenda que D. Ero sae a pasear unha mañá polos bosques quedando abraiado polo canto dun paxariño pasando neste estado 200 anos e voltando ao Mosteiro crendo que só pasaran unhas horas., ao chegar os outros monxes recoñéceno polas crónicas que circularan acerca da súa desaparición. Cando morre é recoñecido como o "abade santo"; a imaxe que del perdura é a dunha figura dun abade cun paxaro sobre o seu ombro.

As monxas cistercienses que o rexentan dedícanse á vida da oración e o traballo; dispoñendo dunha hospedaxe destinada ao descanso espiritual e psicolóxico. O seu labor comprende dende a disposición dunha páxina web, a confección de cosméticos naturais tales como xabóns á edición dun disco de música relixiosa ("Todo ser que alenta " é o seu título).

"A Ruta da Pedra e da Auga". Ao longo do camiño hai un total de 33 muiños no curso do río Armenteira (de pequenas dimensións, de entre 6 m x 5 m, con base de cachotaría de paredes dobres e con cuberta de tella a unha auga). O único oco que teñen é a porta de entrada, situado no lado curto. Preto da porta está o "pousadoiro", pedra introducida no muro para apoiar os sacos; nalgúns casos tamén existen unha pequena ventá que ilumina e ventila o "tremiñado". Os muiños empregábanse fundamentalmente para moer millo, trigo e centeo.

"Aldea Labrega". É unha representación en granito da vida rural galega cos seus elementos tradicionais (igreja, hórreo, forno, animais domésticos e cruceiro) e nun ámbito natural.